



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 15 DE XULLO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día quince de xullo de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendin.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado oito de xullo de dous mil trece (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Don Antero Docampo Parente en representación de RESIDENCIAL RIBADAVIA, S.A. con data RE 27 de xuño de 2013 N° RE 3181, relativo a devolución do proxecto técnico así como do ICIO liquidado.
2. Escritos de Don Francisco Javier Pérez Martínez con datas RE 4, 5 de xullo de 2013 N° RE 3321 e 3333 respectivamente, relativos a solicitude de recoñecemento de trienios.

Como secretario fago referencia a sentenza 170/11 do Xulgado do Social nº1 de Ourense.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda comunicar a o solicitante, que en base a reunión verbal mantida cos representantes sindicais durante o ano 2012, se acordou que durante o ano 2013 se procedería oa pago dun trienio, e nos sucesivos anos se irían pagando os trienios restantes ata compensar totalmente as cantidades que se debesen, dependendo das posibilidades económicas do concello.



3. Escrito de Don Francisco Javier Pérez Martínez con datas RE 11 de xullo de 2013 N° RE 3931, relativo a solicitude de busca de expedientes.
4. Escrito de Don Anxo Collarte Pérez en representación do Grupo Municipal do BNG, con data RE 5 de xullo de 2013 N° RE 3349, relativo a información sobre o estado dos trámites e as condicións concretas que vai ter o aluger de baixo municipal da Alameda.
5. Escrito de Don Anxo Collarte Pérez en representación do Grupo Municipal do BNG, con data RE 5 de xullo de 2013 N° RE 3350, relativo a solicitude de información sobre contratacións de persoal realizadas.

A Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda entregar a documentación xustificativa das contratacións realizadas.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don Candido Rivera Pérez**, con domicilio na Rúa Sermenta s/n, en San Cristovo, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Sermenta s/n (Ref. Catastral 32070A012007490000YD), en San Cristovo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 23-12-2011 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011 e de 28 de maio de 2013, e a posibilidade de que se excedan as obras de conservación.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1, Ourense con data RE 11 de xullo de 2013 N° RE 3936, relativa a Procedemento Ordinario 283/2010.
2. Comunicación da sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1, Ourense con data RE 11 de xullo de 2013 N° RE 3937, relativa a Procedemento Ordinario 209/2011.
3. Comunicación da Consellería de Traballo e Benestar, Xefatura Territorial, con data RE 10 de xullo 2013 N° RE 3921, relativa a información da obriga de conservar os documentos xustificativos de axuda percibida durante un prazo de tres anos, respecto do proxecto impartición da acción da formación ocupacional de carpinteiro.

4. Comunicación da Consellería de Economía e Industria, con data RE 11 de xullo de 2013 N° RE 3923, realtiva a resolución de arquivo por desistimento da solicitude.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DE PROXECTO.-

Visto o escrito de data 05 de xullo de 2013 da Deputación Provincial de Ourense, sobre remisión de documntación en relación coa obra Acondicionamento da Estrada N120-Santo Estevo de Novoa, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes, adopta os seguintes acordos:

1. A aprobación do proxecto denominado "*Acondicionamento da Estrada N-120-Santo Estevo de Novoa.*"
2. Por a disposición da Deputación os terreos precisos para a execución das obras previstas.
3. Designar como directores de obra a enxeñeiro José Manuel González Sánchez, e o enxeñeiro técnico de obras públicas Antonio C. Sánchez Moro e a enxeñeira técnica de obras públicas Raquel Rivero Cuquejo.
4. Que sexa a propia Deputación a que proceda a execución e contratación das obras.

APROBACION DE CONVENIOS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, presta aprobación o Convenio de Cooperación entre o Concello de Ribadavia e a Cooperativa Vitivinicola do Ribeiro para a realización de visitas guiadas a adega e instalacións da Cooperativa.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



